

Índices de valor unitario para o comercio exterior. Referencia 2005.


Marzo 2010

NOTA DE PRENSA

En marzo de 2010 os prezos dos bens exportados diminuíron en termos interanuais un 5,4% e os dos bens importados aumentaron un 8%

Segundo os datos da operación “Índices de valor unitario para o comercio exterior”, elaborada polo Instituto Galego de Estatística, os prezos dos bens exportados na Comunidade Autónoma de Galicia diminuíron un 5,4% en marzo de 2010 con respecto ao mesmo mes do ano anterior. Para os bens importados, os prezos aumentaron un 8%

No que vai de ano, os prezos dos bens exportados diminuíron un 4,7% e os dos bens importados medraron un 6,6%



FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

Clasificación por destino económico dos bens

Atendendo á clasificación por destino económico, a variación interanual dos prezos das exportacións de bens intermedios foi do 3,4%. Os prezos dos bens de equipo e dos bens de consumo diminuíron un 2,4% e un 10,3%, respectivamente

Nas importacións, os prezos dos bens de consumo e dos bens intermedios aumentaron un 11,9% e un 7,2% respectivamente. Os prezos dos bens de equipo diminuíron un 11,4%



Índices de valor unitario para o comercio exterior. Marzo 2010

Índice xeral e clasificación por destino económico dos bens

EXPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)		IMPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)	
	No mes	No que vai de ano		No mes	No que vai de ano
ÍNDICE XERAL	-5,4	-4,7	ÍNDICE XERAL	8,0	6,6
Bens de consumo	-10,3	-8,6	Bens de consumo	11,9	3,4
Bens de equipo	-2,4	-6,8	Bens de equipo	-11,4	-12,2
Bens intermedios	3,4	3,4	Bens intermedios	7,2	8,8

FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

NOTA: datos provisionais

Clasificación por orixe/destino xeográfico

Por destino xeográfico das exportacións de bens, produciuse unha diminución interanual do 3,9% para os países pertencentes á UE-25, do 5,3% para a Unión Económica e Monetaria e para OCDE e do 6,3% para o resto de países.

Por orixe dos bens importados, os prezos dos bens procedentes de países pertencentes á OCDE aumentaron un 4,9% e os procedentes do resto de países un 15%.

Índices de valor unitario para o comercio exterior. Marzo 2010

Clasificación por orixe/destino xeográfico

EXPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)		IMPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)	
	No mes	No que vai de ano		No mes	No que vai de ano
UEM	-5,3	-5,1	UEM	9,1	8,4
UE-25	-3,9	-4,2	UE-25	8,1	7,8
OCDE	-5,3	-3,5	OCDE	4,9	7,5
Resto de países	-6,3	-12,5	Resto de países	15,0	4,1

FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

NOTA: datos provisionais; UEM: Unión Económica e Monetaria

Pódese consultar a metodoloxía da estatística en:

http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_ivus_ref_2005_ga.pdf

Para máis información:
Instituto Galego de Estatística

Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>

Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)

FAX: 981.54.13.23

Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>